

CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRI PAL, 1997

De seguido resúmense algunhas das características máis salientables da campaña de vacinación antigripal que, como tódolos anos, desenvolve-rá a Dirección Xeral de Saúde Pública neste ano 1997. Se desexa infor-mación máis detallada, pode solicitala a dita Dirección Xeral¹.

CARÁCTER DA CAMPAÑA

A campaña terá carácter gratuito para tódalas persoas pertencentes ós grupos de risco, que son a poboación diana obxecto dela. Tamén se dis-pensará con este carácter a aquelas persoas, que non estando incluídas nos referidos grupos, solicitan a vacina porque queren ver diminuídas as súas probabilidades de contrae-la gripe, sempre que a solicitude sexa formulada de maneira individual e tendo claro que este non é un ob-xectivo prioritario da campaña.

Dado que a campaña se basea na subministración directa da vacina a ca-da punto de vacinación e que ademais ten carácter gratuito, os facultati-vos deberán absterse de estender receitas oficiais dela durante o peri-odo de duración desta campaña.

DURACIÓN DA CAMPAÑA

A campaña iniciárase o 15 de setembro de 1997, e rematará o 21 de no-vembro de 1997.

POBOACIÓN DIANA

Grupos con maior risco de padece-las complicacións derivadas da gripe

- 1 Persoas de 65 anos.
- 2 Adultos e nenos con enfermidades crónicas pulmonares ou cardiovasculares, incluíndo a nenos asmáticos.
- 3 Residentes en institucións pechadas, de calquera idade, que padezan procesos crónicos.
- 4 Adultos e nenos que precisaron revisións médicas regulares ou hospitalización durante o ano anterior, a causa de enfermidades metabólicas (incluíndo a diabetes mellitus), alteracións renais, hemoglobinopatías ou inmunosupresión (incluíndo a inmunosupresión debida á medicación).
- 5 Nenos e adolescentes (de 6 meses a 18 anos) con tratamentos prolongados de aspirina, xa que logo teñen un maior risco de desenvolve-la síndrome de Reye tras unha gripe.

Grupos potencialmente capaces de transmitir-la gripe ás persoas de alto risco

- 6 Médicos, persoal de enfermería e calquera outro persoal hospitalario ou ambulatorio que manteña contacto frecuente con pacientes de risco de calquera idade, incluíndo os nenos.
- 7 Traballadores de institucións pechadas e outras institucións para enfermos crónicos que teñan contacto con pacientes ou residentes.
- 8 Asistentes domiciliarios de persoas incluídas nos grupos de risco (enfermeiros/as, traballadores voluntarios, etc.).
- 9 Membros da familia e conviventes, de persoas incluídas nos grupos de risco (tamén os nenos).

A VACINA

Composición

Vacina de virus inactivados e fraccionados, contendo os seguintes antixenos:

- Cepa A/Wuhan/359/95 (H3N2), ou análoga, contendo 15 mcg de hemaglutinina, como mínimo.
- Cepa A/Bayern/7/95 (H1N1), ou análoga, contendo 15 mcg de hemaglutinina, como mínimo.
- Cepa B/Beijing/184/93, ou análoga, contendo 15 mcg de hemaglutinina, como mínimo.

Via de administración

Preferentemente intramuscular. En adultos e rapaces o lugar de elección é o músculo deltoide. En lactantes e nenos pequenos é preferible a cara anterolateral da coxa.

Dose

Administrárase unha única dose anual a tódalas persoas, independentemente da súa idade ou pertenza a grupo de risco, agás nos nenos menores de 9 anos non vacinados previamente, nos que se recomenda a aplicación de 2 doses, de 0,25 ml ós nenos entre 6-35 meses de idade e de 0,50 ml ós nenos de entre 3 e 8 anos de idade, separadas entre si, en ámbolos dous casos, por alomenos 4 semanas.

Efectos secundarios

En xeral, poden aparecer reaccións locais inespecíficas de curta dura-ción. Con menor frecuencia poden aparecer reaccións sistémicas.

Contraindicacións

Hipersensibilidade anafiláctica ós ovos ou a outros compoñentes da vaci-na. Xeralmente é preferible retrasa-la vacinación dos adultos con en-fermidade febril aguda ata que remitan os seus síntomas. Nembargan-tes, enfermidades menores con ou sen febre non contraindicarán o uso da vacina da gripe, particularmente en nenos con infección do tracto respiratorio medio superior e rinite alérxica. A aplicación da vacina **non está contraindicada** en persoas inmunodeficientes calquera que sexa o motivo: inmunosupresión farmacolóxica, neoplasias, infección polo VIH, etc... dado que é unha vacina inactivada e polo tanto non existe risco de proliferación viral incontrolada. Ó contrario, ditas persoas forman parte dun grupo de indicación específica. Unicamente pódese esperar unha menor resposta inmune.

Conservación

A vacina consérvase entre +2°C e +8°C, protexida da luz. Debe evitarse a súa conxelación.

¹ Dirección Xeral de Saúde Pública. Circular 5/97 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

SISTEMA DE ALER TA EPIDEMIOLÓXICA DE GALICIA				
TELÉFONOS DIRECTOS Horario de Oficina	Epidemioloxía A Coruña 18 58 34	Epidemioloxía Lugo 29 41 14	Epidemioloxía Ourense 38 63 69	Epidemioloxía Pontevedra 80 58 72

EPIDEMIÓLOGO DE GARDA (Fóra de horario de oficina) Tfno: 989 - 53 38 05
A través do 061 tamén é posible contactar co SAE G

BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO DE GALICIA
SERVICIO DE INFORMACIÓN SOBRE SAÚDE PÚBLICA. Dirección Xeral de Saúde Pública
Avda. do Camiño Francés, nº 10 - baixo. 15771 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 - 54 29 29 - Fax: 981 - 54 29 70 - E-mail: dxsp3@jet.es



Vol. X / 1997
Núm. 1
Cuadrisemanas 1 á 3/97
(29 de decembro ó 22 de marzo)

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS
Dirección Xeral de Saúde Pública

Data de impresión: setembro 1997



BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO DE GALICIA

D.L.: C-1767-1995

COMENTARIO EPIDEMIOLÓXICO DAS ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA (EDO). GALICIA, 1996

LIMIAR

Por mor da reforma da vixilancia epidemiolóxica no estado espa-ñol, que tomou corpo co Real Decreto 2210/95, do 28 de decembro, por el que se crea la Red Nacional de Vigilancia Epidemiológica^{1,2}, o 1996 é un ano de transición para o sistema de enfermidades de declaración obrigatoria (EDO): algúns procesos deixaron de ter esa consideración¹ e outros (botulismo, lexiionelose, enfermidade invasiva por *Haemophilus influenzae* b, meninxite tuberculosa, rubéola conxénita, tétano neonatal e meninxites víricas) acadáranlo: ben como nova inclusión, ou ben pola súa separación dunha rúbrica máis inespecífica.

O ano 1996 viu, ademais, como en Galicia se cambiaba o antigo sistema de declaración urxente de enfermidades, de base provincial, por un novo único para toda Galicia, o Sistema de Alerta Epidemiolóxica de Galicia, SAEG, do que xa se deu conta noutro BEG³.


COMENTARIO EPIDEMIOLÓXICO DAS EDO

Para efectos das EDO, o ano 1996 quedou pechado o 8 de abril de 1997, cos datos definitivos expostos nas táboas 1 e 2, referidos respectivamente a Galicia e ás diferentes áreas sanitarias.

En Galicia, a declaración comportouse en 1996 como o vén facendo dende hai uns anos. Acadouose unha participación global do 50%; é dicir, só se recibiron a metade dos boletíns de declaración que poderían telo feito. Neste sentido, semella importante reitera-la importancia que ten remiti-la declaración semanal aínda que non se teñan observado casos de EDO.


Ademais, trala participación global atopámo-la a distribución semanal á que xa estamos afeitos (Fig. 1), con baixadas intensas nos períodos vacacionais, incrustadas nunha leve e continua caída ó longo do ano. Por áreas sanitarias, unha vez máis a meirande participación obtívose na área do Barco (onde acadou o 79%), e as de Cervo e Ourense tamén superaron o 60%. Pola outra banda, as áreas de Ferrol e O Salnés non chegaron ó 40%.

Fig. 1



E atopamos, tamén, a mesma distribución da calidade da notifi-cación (Fig. 2): dos 1.841 puntos que constituíron a base da declara-

Fig. 2



Táboa 1: EDO; Galicia, 1996

EDO	Casos	Taxas (1)	IEAc (2)
Respiratorias			
IRA	583.703	21.593,3	1,12
Gripe	144.416	5.342,5	1,09
Pneumonías	10.660	394,4	0,99
TB respiratoria	1.755	64,9	1,37
Enf. meningocócica	393	14,5	4,68
Outras meninxites	356	13,2	3,21
Varicela	10.656	394,2	0,73
Escarlatina	861	31,9	1,25
FRA	190	7,0	0,89
Alimentarias			
Febres tifoidea e paratifoidea	50	1,8	0,41
TIA	1.014	37,5	0,77
Disenteria bacilar	2	0,1	0,17
OPD	80.550	2.979,8	1,01
Hepatite A	68	2,5	0,41
Inmunoprevibles			
Tose ferina	11	0,4	0,41
Tétano	9	0,3	1,50
Sarampelo	370	13,7	3,01
Rubéola	1.194	44,2	6,38
Parotidite	1.912	70,7	10,17
E.T.S.			
Sifilis	15	0,6	0,47
Uretrite gonocócica	778	28,8	0,66
Zoonose			
Brucelose	28	1,0	0,41
Febre botonosa	2	0,1	0,50
Hidatidose	2	0,1	2,00
Outras EDO			
TB extrarrespiratoria	21	0,8	0,47
Hepatite B	91	3,4	0,67
Outras hepatites víricas	73	2,7	0,64
Paludismo	10	0,4	1,00
Triquinose	3	0,1	—
Lepra	1	0,04	1,00

(1) Taxas brutas por 100.000 habitantes
(2) Índice epidémico acumulado

SUMARIO

- Comentario epidemiolóxico das Enfermidades de Declaración Obrigatoria (EDO). Galicia, 1996.
- EN BREVE...: Campaña de vacinación antigripal, 1997.
- ANEXOS I ó III: Situación das EDO nas cuadrisemanas 1 á 3/97.
- ANEXOS IV: Vacinación fronte ás infeccións invasivas producidas polo *haemophilus influenzae* de tipo B na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ANEXOS V: Informe de avaliación da xestión da campaña de vacinación fronte á meninxite C en Galicia (decembro 1996-xaneiro 1997).
- ANEXOS VI: Informe de xestión do Programa Galego de Prevención e Control da Hepatites B: unha aproximación ó índice de coberturas de vacinación de neonatos. Ano 1996.
- ANEXOS VII: Informe da campaña de vacinación antigripal 1996-1997.

